



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: *Substitución do Alcalde, pola 1ª Tenente de Alcalde , do 17 ao 31 de agosto do 2026.*

Expediente: 2026/G003/000485

Esteban Ares García, órgano competente para a adopción deste acordo, tómao en base aos antecedentes e fundamentos que de seguido se indican.

Sendo que o Alcalde do Concello de Lousame estará ausente do termo municipal e impedido para o exercicio presencial das súas atribucións ordinarias, no período comprendido entre o luns, día 17 de agosto de 2026 ao luns, día 31 de agosto de 2026, ambos inclusive.

En virtude do disposto no artigo 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 44, 47 e concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento de Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro: Delegar expresamente a totalidade das función e atribucións desta Alcaldía, na Primeira Tenente de Alcalde, Dª Silvia Agrafojo Filgueira, durante o período comprendido entre o 17/08/2026 a 31/08/2026, ambos inclusive, debido á ausencia do termo municipal do Alcalde titular.

Segundo: A Primeira Tenente de Alcalde asumirá a plenitude das competencias propias da Alcaldía, durante as datas indicadas, debendo asinar baixo a fórmula de Alcaldesa en funcións.

Terceiro: Notificar a presente resolución ao interesado, entendéndose que acepta tacitamente a delegación, salvo manifestación expresa en contrario no prazo de 2 días dende a recepción desta notificación.

Cuarto: Publicar esta Resolución no Taboleiro da sede electrónica, un extracto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

